



# REGULAMENTO COMEDOR ESCOLAR

ADAPTADO Á  
SITUACIÓN COVID 19

***CURSO 2021 – 2022***

VERSIÓN 24/09/2020



## ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. NORMATIVA DE REFERENCIA**
- 3. OBXECTIVOS**
- 4. MODALIDADE**
- 5. HORARIO, DURACIÓN E LUGAR**
- 6. COMENSAIS**
- 7. TIPIFICACIÓN DE COMENSAIS**
- 8. PREZO COMEDOR**
- 9. REGULAMENTO PARTICULAR DO SERVIZO**



## 1. INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir a Administración Educativa como factor importante para a escolarización, desenvolve unha destacada tarefa social e educativa, conciliando a vida educativa e familiar coa laboral e cumprindo ademais unha función básica de alimentación e nutrición.

O comedor escolar está integrado na vida e organización do noso centro, de tal maneira e de acordo coa normativa vixente, a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da nosa programación xeral anual.

## 2. NORMATIVA DE REFERENCIA

- DECRETO 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG. do 6 de febreiro) polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ORDE do 21 de febreiro de 2007 (DOG. do 5 de marzo) pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ORDE do 13 de xuño pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- DECRETO 374/2009, do 6 de agosto (DOG. do 14 de agosto) polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- DECRETO 439/2009, do 11 de decembro (DOG. do 24 de decembro) polo que se modifica o Decreto 374/2009, de 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- INSTRUCCIÓN 3/2017 da Secretaría Xeral Técnica, pola que se establecen directrices e recomendacións respecto da comida sobrannte nos comedores de xestión directa existentes nos centros de ensino público dependente da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria.
- INSTRUCCIÓN 2/2021, da secretaria xeral técnica da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022.



### 3. OBXECTIVOS

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta Educación para a Saúde.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básica na mesa.
- Desenvolver hábitos de convivencia.
- Fomentar o compañerismo e as actitudes de respecto e tolerancia hacia todos os membros da comunidade escolar.
- Coidar e respectar locais, mobiliarios, enseres e utensilios de uso comunitario.

### 4. MODALIDADE

O servizo de comedor do Centro axústase á modalidade de Xestión Directa polo propio Centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (artigo 2º O. 21 de febreiro de 2007) tipo C.

### 5. HORARIO, DURACIÓN E LUGAR

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo do alumnado do noso centro en horario de 14:40h. á 15:45h.

As entradas e saídas serán escalonadas

#### ENTRADAS

**Alumnado infantil:** ás 14:30h

**Alumnado 1º, 2º e 3º:** ás 14:35h

**Alumnado 4º, 5º e 6º:** ás 14:40h

#### SAÍDAS

**Alumnado non transportado. Recollida nos portais exteriores.**

Ed. Infantil e 1º sairá as 15:25h

2º, 3º, 4º, 5º e 6º sairá ás 15:30h.

**Alumnado transportado. Acompañado polos vixiantes ata o autobús.**

Liña de autobús de Mariñas sairá ás 15:35h

Liña de autobús de Mougás sairá as 15:40h

Liña de autobús das Pedornes/Sanxián sairá ás 15:45h

Para cumprir coa distancia de **1,5 metros entre os grupos estables de convivencia**, habilitouse o salón de actos para o alumnado de 4º.



## 6. COMENSAIS

Terá consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

**a. Alumnado do centro.** Correspóndelle ao Consello Escolar do Centro a selección e admisión nos casos en que o número de solicitudes supere ó de prazas dispoñibles.

**b. Persoal encargado da atención** ao alumnado.

**c. Profesorado e persoal non docente** do Centro que soliciten o servizo, sempre que existan prazas vacantes.

## 7. TIPIFICACIÓN DE COMENSAIS

a) **FIXA:** cando se solicite o servizo para todos os días lectivos.

b) **FIXA DISCONTINUA:** cando se solicite o servizo para todo o curso lectivo, pero só para algún/s día da semana.

O cambio de modalidade será autorizado, en función da dispoñibilidade de prazas, por meses completos e cando sexa solicitado con dez días de antelación ao inicio do mes que corresponda.

Debemos ter en conta que a solicitude do servizo é un compromiso anual (agás causas de forza maior).

## 8. PREZO DO COMEDOR

**a) Coste do menú diario:**

Segundo o número de membros da unidade familiar e a renda per cápita familiar que se teña, o abono poderá ser de 0 €, 1 €, 2,50 € ou 4,50 € por día de servizo.

**b) Aportación familiar voluntaria:**

Esta cuota que anulada para este curso escolar tras acordo do Consello Escolar.

### 8.1 PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS

Os impresos **enviaranse nos 5 primeiros** días naturais de cada mes posterior ao servizo.

**Aboarase entre o 1 e o 20** dese mes.

#### FORMAS DE PAGAMENTO

- Pagamento nas **ENTIDADES AUTORIZADAS POLA CONSELLERÍA DE FACENDA**

**ENTREGA DE XUSTIFICANTE NO CENTRO ANTES DO DÍA 20.**

- Pagamento a través da **OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA**

<http://conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos>

**ENTREGA DE XUSTIFICANTE NO CENTRO ANTES DO DÍA 20 DO MES.**

- Pagamento a través do **ESPAZO ABALAR** (previa solicitude no centro)

**NON É PRECISO PRESENTAR XUSTIFICANTE.**



## 8.2 CONSECUENCIAS DA FALTA DE PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS

É responsabilidade da Dirección verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos. O impago dos mesmos será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro, mentres non se proceda á oportuna regularización.

## 7. REGULAMENTO PARTICULAR DO SERVIZO

No tempo de comedor non se poderá acceder ás aulas, no caso de que algún/alguna mestre/a programe algo especial deberá recoller ós/ás alumnos/as e acompañalos/as en todo momento.

Se algún pai/nai ten recoller ao seu fillo/a antes do remate, terá que asinar unha autorización de saída se é para todo o curso ou o xustificante de recollida para casos puntuais.

O persoal responsable do comedor levará un rexistro de incidencias semanal, as faltas serán comunicadas aos/ás respectivos/as titores/as para que o poñan en coñecemento das familias. Tres faltas leves constituirán unha grave, que será notificada ao Consello Escolar que aplicará o Regulamento de Réxime Interior do Centro.

No caso de dietas especiais (celíacos, lactosa...) deberá presentarse certificado médico no que se expliquen as necesidades específicas.

A comida sobrabte será repartida polo Concello ás familias máis desfavorecidas ou en situación de exclusión social, tal e como figura na instrución correspondente.

### Ademáis:


- Tódolos/as alumnos/as pasarán polos servizos para facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de entrar no comedor escolar.
- Os/as alumnos/as deberán entrar por cursos, acompañados dos seus/súas respectivos/as profesores/as, sen correr nen xogar, gardando filas ordenadas.
- As mochilas deixaranse no lugar correspondente asignado para cada curso, e non se poderá entrar no comedor con gorra, obxectos persoais nin xoguetes.
- Todo o alumnado ocupará o seu sitio fixo asignado para todo o curso, salvo indicación contraria das vixiantes ou encargadas de comedor.
- Respetarán e obedecerán ás vixiantes, responsables da atención do alumnado no comedor.
- Permanecerán sentados/as no seu sitio sen saír do comedor, só en casos xustificados (os de E. I. sempre acompañados dunha vixiante).


- Durante a comida procurarán manter un comportamento adecuado (sen gritos, golpes, xogos...) facendo un bo uso dos materiais e utensilios da mesa.
- As vixiantes servirán unha ración axeitada as súas necesidades e características, procurando que todos/as proben dos dous pratos e do postre. Poderán repetir do 2º prato os/as que o desexen, distribuindo a comida de forma equitativa.
- As vixiantes facilitarán a axuda precisa cando a comida presente especial dificultade.

### **MEDIDAS COVID**

- O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas e cun sitio fixo. (Plano)
- Será obrigatorio o uso da máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación. O tempo de agarda antes e despois e entre os distintos pratos tamén debe tela posta.
- O alumnado deberá ter un estoxo para gardar a máscara cando coma.
- O persoal utilizará en todo momento máscara de protección.
- Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado.
- En caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 durante o servizo aillárase ao alumno no espazo para tal fin e avisarase a familia para a recollida o antes posible.

**A solicitude do servizo supón o coñecemento e a aceptación de tódolos apartados recollidos no presente regulamento.**





### Orde 21 de febreiro de 2007

**-Comedor tipo C: 1 oficial 2ª de cociña e 1 axudante de cociña.**

### FUNCIÓNS VIXIANTES

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
- Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.





d) Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.

e) Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

### **PERSOAL DE COCIÑA:**

1. Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

a) Elaboración de comidas de acordo co menú.

b) Velar pola calidade e conservación dos alimentos.

c) Servizo de atención ás vixiantes

d) En primeiro lugar atenderanse as necesidades alimentarias especiais: Os menús dos alérxicos serán os primeiros en servirse.

e) Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.

f) Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.

g) Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais

h) Control e rexistro da mercadoría necesaria para a elaboración dos menús escolares.

i) A comida sobranse distribuírase nos recipientes axeitados e será recollida por un membro do concello para satisfacer as necesidades das familias desfavorecidas da contorna.

k) Todos os desperdicios de alimentos serán depositados diariamente no composteiro co fin de aproveitamento laboral e educativo.